



<p>

No día de hoxe, o Presidente da Xunta de Galicia acompañado polo Conselleiro do ramo e os Alcaldes dos municipios que integran o área de transporte metropolitano de Santiago, firmaron o acordo para poner en marcha este transporte para os próximos cinco anos.

No acto, que asistiron representantes dos diversos grupos políticos e empresarios de transporte, resaltouse que este era un proxecto xa iniciado fai anos e que se culminaba hoxe froito da colaboración de todas as partes implicadas, Xunta de Galicia, Concellos e operadores de transporte. A inversión prevista para o área é de 12 millóns de euros e na mesma darase servizo a máis de 178.000 persoas.

Anunciou tamén o Presidente da Xunta, a próxima firma do convenio das áreas de Ferrol e Lugo.</p>